

Queiroz A

Músicas do faiado

Se as pedras dos camiños falaran, moito máis podíamos ter recollido. As nosas músicas, as nosas colleitas, proveñen daquelas sementes que foron agromando ano tras ano, xeración tras xeración grazas a que as nosas antergas as sementasen nas aldeas galegas, eses lugares onde a música tradicional amarrouse coma un nō mariñeiro á cornamusa da barca, mais ás veces agochada nos sobrados dos fogares. Alí, mergullándose nos anos pasados, houbo que atreverse a cruzar esa marxe que nos separaba do tesouro máis agardado. Atravesar aquela porta de carballo tirando do tarabelo era xa o seguinte paso.

Alí enriba, entre o pō, o fume da lareira e a calor dos animais, atopábanse agochadas pezas e pezas musicais que agardabamos nos aprenderan. Entre as ferreñas da pandeireta, dentro do fol da gaita, baixo a madeira do tamboril.

Alí arriba, nos sobrados, os nosos instrumentos atopábanse pendurados ao carón dunha vella vasoira. Unha vasoira que, a pesar dos anos, mantíñase forte e rexa, como aquelas queiroas que lle facían de pé. Aquelas queiroas que entre canto e canto, durante a malla, alguén recollera na eira para amarralas ao pau da vella vasoira, alí seguían, tan firmes como os mastros das pequenas barcas no peirao de Sada.

A Asociación de Música e Danza QUEIROA ofrece varios espectáculos de grande e pequeno formato en función das características do festival, sendo capaces de xuntar até 50 persoas no escenario combinando baile e música en distintas formacións.



Baile:

A música tradicional galega está concebida na súa maioría como acompañamento para o baile, así podemos dicir que a riqueza do baile tradicional en Galicia é o fío condutor de moitas das nosas tradicións. En Queiroa o baile reserva un importante lugar, na actualidade son mais de 70 persoas entre adultos e nenos as que participan nesta actividade.

O grupo principal leva o nome da propia asociación e representa bailes recuperados arredor de toda a xeografía galega, amosando a importante riqueza existente: jotas, muiñeiras e tódalas variantes do baile solto. Podemos dicir que o baile galego é un dos máis ricos de toda a península ibérica e con importantes influencias doutros folclores.



Banda de gaitas:

A Banda da AMDT Queiroa xurde como nexo de unión do alumnado que asiste ás diferentes aulas (gaita, percusion, pandeireta, acordeón...) para montar un repertorio común e poñer en práctica o aprendido ao longo do ano. Actualmente somos arredor de 30 persoas na banda, onde representamos música maioritariamente tradicional adaptada a este tipo de conxunto musical.

Pandeireteiras:

Acompañadas das distintas percusións de man (pandeireta, pandeiro, lata, pandeira...) as voces das nosas cantareiras achégannos aos cantos ancestrais recollidos froito da investigación que Queiroa fai dende a súa fundación. Son varios grupos os existentes na asociación sendo o grupo **Arnela** o seu referente. Gañadoras de numerosos premios en concursos de música tradicional, foron tamén colaboradoras de importantes artistas galegos, así como tamén son destacábeis as súas participacións en festivais, foliadas, programas de tv...





Cuarteto ou Charanga:

Dentro da sección musical contamos tamén co cuarteto ou charanga, que se trata dunha formación máis pequena composta por gaitas, saxofón, clarinete, acordeón e percusión. Este tipo de formación ofrece un repertorio moito máis amplo e variado, cunha importante presenza no momento de acompañar ao grupo de baile.

Historia e funcionamento da Asociación de Música e Danza Tradicional Queiroa.

A Asociación de Música e Danza Tradicional Queiroa nace en novembro do ano 2002 no Concello de Sada (A Coruña, Galicia, España), respondendo á demanda e inquietudes musicais dunha poboación que dende sempre tivo grande afección pola música tradicional. A asociación constitúese como unha organización sen ánimo de lucro tendo como obxectivo fundamental **a transmisión e a difusión da música e baile tradicional galego** mantendo sempre acesa a luz da prosperidade, animando ás novas xeracións a continuar con este gran legado que provén de décadas pasadas.

Para poder levar a cabo o obxectivo principal necesítase de persoas profesionais no ámbito da tradición galega que poidan impartir aulas atendendo ás diversas posibilidades que ofrece a asociación ao alumnado: **gaita, percusión, canto e pandeireta, baile tradicional, acordeón e violín.** A idade do alumnado dentro da asociación comeza cos 3 anos, onde os nenos pasan a formar parte da Escoliña de Queiroa, pasando máis adiante a formar parte do grupo. En termos xerais, a Asociación conta con máis de 75 alumnos de entre todas as idades.



A AMDT Queiroa ofrece para calquera espectáculo e en función das necesidades e posibilidades do escenario os seguintes formatos:

- **Banda de gaitas** con 10/15 gaitas, 4/8 percusionistas para desfiles ou actuación en escenario.
- **Grupo pandeireiras/cantareiras** con 6/10 integrantes para actuación en escenario e acompañamento en desfile.

➤ **Grupo de baile** de 12/16 persoas para actuación en escenario e acompañamento de desfile.

➤ Se as características do festival o permiten, podemos realizar **cambio de vestuario**.

Agardamos entusiasmados a súa resposta e poñémonos a súa disposición para calqueira dúbida que poidan ter sobre a nosa asociación, un saúdo



Información de interese sobre a AMDT Queiroa.

Para poder afondar máis na asociación, pódense consultar as diferentes redes sociais coas que conta a mesma.

Como introdución aos enlaces que aparecen a continuación, estas redes sociais conformáronse para dar un maior ángulo de visibilidade á información de interese tanto para as persoas asistentes como para aquelas que pescuden datos sobre como poder asistir ás aulas ou eventos dos diferentes grupos. Deste xeito, a propia páxina web serve de referencia onde poder atopar de forma ordenada e concisa os horarios das aulas, memorias de actividades, próximas actuacións, novas sobre a asociación, premios que se reciben ou mesmo como poder contactar.

A páxina de Facebook, que se atopa en constante actualización, serve de apoio máis directo ante calquera evento próximo ou como lugar onde informar de xeito aberto a todas as persoas que seguen a propia páxina.

O mesmo ocorre coa páxina de Instagram, onde aparecen penduradas as novas sobre os eventos.

Deseguido amósanse os enlaces que redirixen a cada rede social:

Páxina web: www.queiroa.org/

Facebook: <https://www.facebook.com/queiroa/>

Instagram: <https://www.instagram.com/asociacionqueiroa/>